

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO AULAS SENIOR DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2025.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2025,

REUNIDOS

Dunha parte:

Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Ángel Julio Fagilde Trabada, con DNI [REDACTED], presidente da asociación, que actúa en nome e representación da Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, con NIF G15496607, e nomeado en virtude do acordo adoptado pola Asemblea Xeral do día 29 de marzo de 2021, tal e como consta na acta de reunión, de conformidade co disposto no artigo 13 dos seus estatutos.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Terceiro.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas funcións e competencias impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Igualdade en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. No marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

Cuarto.- Que a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, segundo os datos que constan no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, con NIF G15496607 foi inscrita por resolución de 20/10/2004 co número 2004/007869-1ª conforme á Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Que son fins e obxectivos desta Asociación:

- A promoción sociocultural das persoas adultas.
- Coordinar e desenvolver as funcións da AULA DA TERCEIRA IDADE.
- O desenvolvemento de proxectos e programas que axuden a elevar os niveis educativos das persoas maiores.
- Estudar e investigar aspectos relacionados coa formación permanente de adultos e problemáticas da terceira idade.
- O intercambio de experiencias e actividades encamiñadas á mellora da calidade de vida e benestar das persoas maiores por medio de plans pedagóxicos apropiados para elas.
- Coordinar as relacións cos Órganos da Administración Autonómica e outros de carácter nacional e internacional que teñan misións dirixidas ás persoas maiores.
- A promoción e desenvolvemento de programas do voluntariado cultural de maiores, así como as actividades que favorezan a participación activa e creativa dos mesmos.
- A defensa dos intereses comúns das Aulas da Terceira Idade, así como a prestación de servizos de asesoría técnica e pedagóxica dos seus membros.
- E en xeral, todos aqueles fins e obxectivos que logren mellorar o benestar persoal, a saúde

integral e a calidade de vida das persoas maiores a través da súa participación en actividades socioculturais.

Que a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-784, sendo a súa finalidade, entre outras e de acordo cos seus estatutos, desenvolver os programas do proxecto e actividades das "Aulas Senior de Galicia" no ámbito da comunidade autónoma galega.

A Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos a través das Aulas Senior, pon a disposición das persoas usuarias as instalacións e servizos necesarios para levar a cabo distintas propostas de actividades co fin de manter a autonomía e independencia das persoas maiores, fomentar e manter a súa actividade física e crear un espazo ocupacional tras a xubilación no que desenvolverse integramente como persoas.

Quinto.- Que ATEGAL é unha entidade con 47 anos de traballo ininterrompido con e polas persoas maiores, referente no eido da aprendizaxe permanente ao longo da vida e con ampla presenza nas catro provincias galegas: con sedes en Monterroso, Padrón, Lalín, Vigo, Ourense, Ferrol, A Coruña e Santiago de Compostela.

O proxecto das "Aulas Senior de Galicia" que se desenvolve segundo o calendario escolar con actividades presenciais e mediante a plataforma de formación propia nas áreas da saúde, cultura, ocupacional e de lecer, está aliñado cos piares do envellecemento activo e saudable como son a promoción da saúde, a aprendizaxe ao longo da vida e a participación social. Unha fórmula de éxito grazas a unha renovación constante de contidos, de metodoloxías, de novos retos adaptados á realidade de cada momento, formando en tecnoloxía e contidos para saber ser e estar nos tempos actuais, establecendo sinerxias con todos os axentes có fin de promover relacións persoais significativas e a convivencia real entre xeracións, en definitiva, favorecendo un espazo de aprendizaxe, convivencia e lecer equitativo para todas as idades.

Que tanto a Consellería de Política Social e Igualdade como a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos son conscientes do papel activo que deben desenvolver as persoas maiores na sociedade, tendo ademais en conta que son un colectivo cada vez máis numeroso e con maior formación e información, polo que é preciso desenvolver programas que promovan o envellecemento activo adaptados aos novos perfís e situacións sociais das persoas maiores en Galicia e que fomenten a súa integración e participación na sociedade, a través de medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento deste tipo de programas por parte do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas maiores.

Sexto.- Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos é a única entidade de iniciativa social na Comunidade Autónoma que conta coa iniciativa e os recursos persoais e materiais necesarios para realizar este proxecto de formación permanente para as persoas

maiores nas "Aulas Senior de Galicia", estuda e investiga aspectos relacionados coa formación permanente de adultos e a súa problemática.

Así mesmo, as actuacións dos programas do proxecto recollidas na cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas maiores, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, conforme ao art.19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para subvencionar o custe do proxecto "Aulas Senior de Galicia" durante o exercicio 2025, con suxeición as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é a concesión directa dunha subvención pola Consellería de Política Social e Igualdade á Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, para o financiamento dun proxecto de actuación das "Aulas Senior de Galicia" para o exercicio 2025.

SEGUNDA. *Actuacións subvencionables*

Será subvencionable conforme a este convenio, o gasto de persoal e o gasto corrente da Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos derivados da posta en marcha do proxecto das "Aulas Senior de Galicia" a desenvolver durante o ano 2025.

A concesión da subvención destínase ao proxecto "Aulas Senior de Galicia", no seo do cal a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos ten tres programas en marcha nos que se levan a acabo as actuacións que se detallan a continuación:

a) Programa de envellecemento activo, Aulas Sénior de Galicia que consistirá na impartición de 50 horas semanais de clases e 15 seminarios distintos de media en oito sedes de Galicia: A Coruña, Ferrol, Padrón, Santiago, Vigo, Ourense, Lalín e Monterroso. A media de profesorado asalariado cada curso ascende a 23 persoas fixas -discontinuas e 15 profesionais autónomos que colaboran coa entidade en cada curso. Impártense actividades

presenciais e permanentes en catro grandes áreas:

1ª. Área cultural: idiomas, historia da arte e de Galicia, xeografía, historia viva, literatura española e galega, cine e cultura.

2ª. Área ocupacional: debuxo e pintura ao óleo, pintura en tela, traballos manuais, música, solfeo, rondalla, teatro, informática, tabletas, teléfonos intelixentes.

3ª. Área da saúde: ioga, pilates, ximnasia de mantemento, taichí, taller de memoria, marcha nórdica, habilidades sociais, risoterapia, danzaterapia, estimulación cognitiva online, benestar emocional.

4ª. Área de lecer: celebracións de magosto, nadal, entroido, letras galegas, viaxes e visitas culturais a museos e exposicións, inauguracións e clausuras de curso, participación en encontros e congresos, viaxe anual de fin de curso, actividades coa comunidade.

Aínda que estas actividades se imparten de outubro a maio, segundo o calendario escolar, serán subvencionados por este convenio exclusivamente os gastos correspondentes ao ano natural de 2025.

Estas actividades presenciais impartiranse nas oito sedes e se complementan coas clases online así como en streaming durante o mesmo período de 2025.

Compaxinarase a formación presencial coa actividade na plataforma, ofreceranse clases en streaming, propias e en colaboración con outras entidades, para non perder o avanzado ata o momento e seguir ofrecendo formación a quen non poida ou queira acudir ás sedes presencialmente de forma temporal ou para quen esta opción sexa a única viable.

O desenvolvemento das actividades descritas realizarase pola entidade a través dunha plataforma de formación propia online da súa creación, para chegar aos alumnos facilmente e para ofrecer alternativas á formación presencial (<https://formacion.ategal.com/>). A plataforma é sinxela de manexar para as persoas destinatarias da actividade.

b) Programa de Voluntariado Senior: Este proxecto desenvólvese anualmente por un grupo de 23 persoas maiores da asociación que exercen como voluntarios culturais e sociais.

Como voluntarios culturais levarán a cabo a impartición de seminarios, o deseño de saídas e visitas culturais e a dinamización dos eventos culturais que se organizan ao longo do curso académico. Por outro lado, formarán e axudarán coas tarefas escolares a rapaces que o precisan, ben porque son coñecidos ou derivados da Unidade de Migracións do Concello de Santiago.

Como voluntarios sociais realizarán os acompañamentos de persoas ao médico, consultas xurídicas ou a atención de necesidades demandadas polos socios.

Está nos obxectivos da entidade o poñer en valor o talento senior así como promover actividades interxeracionais que eduquen contra a discriminación por idade. Estes obxectivos son os principais do programa de Voluntariado Senior que se desenvolve anualmente na

entidade.

c) Programa Aulas + Social, para a promoción do envellecemento activo en clave da saúde e do benestar a través dun potente modelo (Aulas Senior) que xira arredor da aprendizaxe permanente ao longo da vida. Nestas aulas trabállase en reunións periódicas cos alumnos, familiares e cos profesionais de empresas que atenden a persoas maiores, có fin de construír entre todos un modelo de envellecer diverso, que atenda ás novas necesidades e sexa referente no proceso de cumprir anos adecuadamente e continuar traballando para garantir o bo trato ás persoas maiores.

TERCEIRA. Obrigas e documentación inicial

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto cos programas do proxecto e actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para as mesmas actividades e programas do proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

CUARTA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco deste convenio ten previsto desenvolver a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, é de 233.850,00 euros.

A Consellería de Política Social e Igualdade para a execución destas actividades e programas do proxecto achegará á Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos para o ano 2025 a cantidade de **200.000 euros** (douscentos mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria **08.05.312E.481.1** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2025, conforme ao exposto na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

QUINTA. Obrigas da entidade

A Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e do disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle ao órgano competente da Consellería de Política Social e Igualdade a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases recollidas no convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.
- h) Incorporar de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e ter en conta a perspectiva de xénero no deseño e desenvolvemento das actuacións que son obxecto dos programas do proxecto a subvencionar a través do presente convenio de colaboración. Na memoria final de execución que se presente, desagregarase por sexo toda a información relacionada co obxecto dos programas que se refira a persoas. Así mesmo, na documentación e material que se xere, empregaranse linguaxe e imaxes non sexistas.
- i) Diseñar e desenvolver as actuacións obxecto dos programas do proxecto a subvencionar a través do presente convenio tendo en conta ás necesidades e demandas das persoas con discapacidade e baixo os principios establecidos no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- j) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto dos programas do proxecto a subvencionar a través do presente convenio, en cumprimento

do establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño e incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: “financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade”.

k) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

l) Cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

SEXTA. *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 16,3 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) O 83,7 % restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades dos programas do proxecto a subvencionar e aportando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade interesada, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. Gastos subvencionables

En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución dos programas do proxecto a subvencionar, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada. Os gastos repartiranse proporcionalmente entre as distintas actuacións de acordo coa desagregación recollida na memoria económica.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do proveedor. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante un xustificante de recepción da entidade provedora.

NOVENA. Xustificación

A data límite de xustificación, para os efectos do artigo 37.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, é o **10 de decembro de 2025**.

A presentación da **conta xustificativa** levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades dos programas do proxecto a subvencionar, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia:

a) Unha **memoria final das actuacións desenvolvidas** en execución dos programas do proxecto a subvencionar a través deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha **memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas**, que conterá:

1º. Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.

2º. Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de

repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

3º. Unha relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan ao presente convenio gastos de desprazamento derivados de acudir aos servizos que presta a entidade, e na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación, motivo da viaxe e lugar de reunión.

4º. Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade beneficiaria.

5º. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada a través deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

6º. Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 € pola prestación de servizos de consultoría ou asistencia técnica, deba ter solicitada a entidade o beneficiaria.

7º. Se fora o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de contas inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o **informe da revisión efectuado pola persoa auditora de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1º. Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución dos programas do proxecto a subvencionar a través do convenio previstas na cláusula segunda, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.

2º. Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria da subvención deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando "Subvencionado pola Consellería de Política Social e Igualdade" e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

3º. Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado,

tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima deste convenio.

4º. Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

5º. Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto dos programas do proxecto a subvencionar a través do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

A persoa beneficiaria da subvención estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día **10 de decembro de 2025**. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Excepciónase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas, documento de relación nominal de traballadores (RNT) e documento de relación de liquidación de cotizacións (RLC) dos traballadores correspondentes aos meses imputados e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría, na primeira quincena de febreiro de 2026.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade interesada, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa con competencia ou con responsabilidade dentro da Asociación para a dita sinatura.

DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral*

A Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas que forman parte dos programas da entidade. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto do programa a subvencionar a través do dito convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

A Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de impartir a formación ou levar a cabo as actividades establecidas no programa a subvencionar, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes deste convenio o dereito ao exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.

DECIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións a subvencionar a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas ou na demais normativa aplicable, así como polas causas de resolución previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire ao apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia*

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando correspondan a actuacións encamiñadas á posta en marcha dos programas do proxecto; en todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación, o 10 de decembro de 2025, establecida na cláusula oitava deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DECIMO CUARTA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos> derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA. *Comisión de seguimento e control*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes da Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, designados por cada unha das partes así como os seus suplentes. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración.

A secretaría deberá ser asumida por unha persoa adscrita a Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a presidencia así como a designación da súa suplencia, que actuará nese caso con voz pero sen voto.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro de

contratos do Sector Público, polo que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 24 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital:

Pola Consellería de Política Social e
Igualdade

A conselleira

Pola Asociación Cultural Galega de
Formación Permanente de Adultos

O presidente

Fabiola García Martínez

Ángel Julio Fagilde Trabada